



FP

dual

CICLO MEDIO DE PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA CFEA PEDRO MURIAS

A FP DUAL integra os tres piares que sustentan o proceso de formación dun profesional: formación específica do ciclo no centro de estudos, traballo na empresa e formación complementaria.



Cal é a duración dun ciclo formativo na modalidade dual?

Os ciclos formativos pódense distribuír en 2 ou 3 anos. Con todo, o Ciclo Medio de Producción Agroecolóxica terá unha duración de 2 anos.



Cantas horas de formación se realizan na empresa?

Exemplo indicativo da planificación

set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	mai.	xuñ.	xull.	ago.
1º curso											
Formación no centro educativo								Formación na empresa			
2º curso											
Formación no centro educativo						Formación na empresa					



Como mínimo, o 33% das 2.000 horas establecidas no currículo impartiranse coa participación da empresa.

Cal é o vínculo do alumnado de FP dual coa empresa?

O alumnado pode ter a condición de bolseiro/a ou ser contratado pola empresa mediante un contrato de formación e aprendizaxe. En calquera caso, debe ser incorporado ao Réxime Xeral da Seguridade Social, que conta cunha bonificación do 100% tanto para a empresa como para o/a alumno/a.



Recibe o alumnado de FP dual algún tipo de remuneración?

Vinculación a través da bolsa: o alumnado percibirá mensualmente e, como mínimo, un importe por valor do 50% do salario mínimo interprofesional (SMI), durante todo o tempo que permanece na empresa.

Vinculación a través de contrato de formación e aprendizaxe: a remuneración será a establecida no convenio colectivo ou, de non existir, a contía do SMI, en proporción ao tempo de traballo efectivo.



Cales son os módulos que se imparten neste ciclo?

Código	Módulos formativos 1º curso
MP0404	Fundamentos agronómicos
MP0405	Fundamentos zotécnicos
MP0406	Implantación de cultivos ecolóxicos
MP0407	Taller e equipamentos de tracción
MP0409	Principios de sanidade vexetal
MP0414	Formación e orientación laboral
MP0408	Infraestruturas e instalacións agrícolas

Código	Módulos formativos 2º curso
MP0410	Producción vexetal ecolóxica
MP0411	Producción gandeira ecolóxica
MP0412	Manexo sanitario do agrosistema
MP0413	Comercialización de produtos agroecolóxicos
MP0415	Empresa e iniciativa emprendedora

Cales son as saídas profesionais?

Os principais postos de traballo aos que se podería aspirar unha vez obtido o título oficial de Técnico en Producción Agroecolóxica poderían ser:

- Agricultor ecolóxico
- Criador de gando ecolóxico
- Avicultor ecolóxico
- Apicultor ecolóxico
- Viveirista ecolóxico
- Operador de maquinaria agrícola e gandeira